



**EXTRACTO SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 27 de marzo de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27 de marzo de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20/03/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/1310

Dáse conta de escrito de D. Manuel Santiago Vidal, en representación do **Club Vilagarcía, S.D.**, solicitando a colaboración municipal para a celebración do II Torneo Fútbol 8 Benjamín Pazo da Golpelleira 2017, no Campo de Fútbol de Berdón.

Vista a resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, a Xunta de Goberno Local acorda a colaboración municipal solicitada así como a autorización para habilitar a rúa de acceso ao Campo de Fútbol en sentido único, adoptando as medidas que se indican no informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

PRP2017/1311

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Manuel López Cajaraville, como Presidente da **Asociación Arousa Solidaria**, comunicando a entrega dos terreos de propiedade municipal no lugar de Rubiáns, que lles foron cedidas no ano 2015 para o desenvolvemento do proxecto de fincas solidarias, por contar na actualidade cunha extensión de terreo suficiente, e dando as grazas ao Concello pola colaboración prestada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1313

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Unión Fenosa Distribución**, por importe de 39,94 € (IVE incluído), para aumento de potencia de ata 5,20 KW para o bombeo de Loenzo (Rubiáns), con cargo á partida 161.22100.

PRP2017/1314



Vista a proposta do Xefe do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Unión Fenosa Distribución**, por importe de 1.267,72 € (IVE incluído), para aumento de potencia de ata 65,80 KW para a instalación municipal denominada Praza da Peixería, con cargo á partida 334.22100.

PRP2017/1315

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Tobiauto, S.L.** para reparación do vehículo policial Seat Altea, con matrícula 0680GSX, como consecuencia dos danos sufridos tras unha persecución policial, por un importe total de 4.852,57 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/1317

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Adherirse ao acordo da Asociación Nacional de Municipios con territorio en Parques Nacionais (AMUPARNA), para apoiar a súa petición ao Ministerio de Facenda, Ministerio de Medio Ambiente e Organismo Autónomo de Parques Nacionais para convocar de maneira urxente a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, por ser do interese de todos os municipios incluídos no territorio de algún Parque Nacional Español. Coa finalidade de que se aprobe o reparto de consignación presupostaria para as subvencións ás áreas de influencia dos Parques Nacionais na anualidade 2007, e se encontre a fórmula para non perder a partida de 2016.

Segundo: Remitir o presente acordo á Asociación Nacional de Municipios con territorio en Parques Nacionais aos efectos oportunos.

PRP2017/1387

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera S.L.** para reparación do camión matrícula 5479GJC adscrito ao Departamento de Camións Veciñais, por un importe de 4.529,07 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/1319

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Medical Vista Alegre CB (Centro Médico Galea)** para a realización de probas de recoñecemento médico aos opositores para cubrir prazas de Policía Local, na súa opción A, cun orzamento de 20 € por paciente, dando un orzamento total de 340 € (20 x 17), con cargo á partida 920.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/1354



Dáse conta da presentación da xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos comunitarios do exercizo 2016 (Plan Concertado 2016), cun gasto executado total de 1.756.363,13 €, financiado polo concello a contía de 1.152.035,41€ e financiado pola CCAA a contía de 574.201,08€ e pola Deputación Provincial 29.789,66€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1355

Dáse conta do Decreto 99/2012, do 16 de marzo (D.O.G. nº 63 do 30 de marzo de 2012), pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica (DOG nº 228, de 27 de novembro de 2014).

Vista a proposta da Área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería Política Social, segundo se reflicte no rexumo xeral do anexo V, a transferencia finalista para o financiamento de:

PERSOAL:	164.878,00 €
MANTEMENTO:	0,00 €
AXUDA NO FOGAR	16.000,00 €
▪ Modalidade de Prestación básica	336.745,20€
▪ Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes	
XESTIÓN DE PROGRAMAS	110.000,00 €
<u>TOTAL SOLICITADO:</u>	627.623,02 €

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

SEGUNDO: O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

- PERSOAL: 220.362,38 €
- MANTEMENTO: 900,00 €
- AXUDA NO FOGAR:
 - Modalidade de Prestación básica: 51.041,00 €
 - Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes: 138.843,24 €
- XESTIÓN DE PROGRAMAS. 1.016.182,65 €

TOTAL COFINANCIADO:

1.427.329,27 €

TERCEIRO: En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL para o proxecto presentado dos Servizos Sociais Comunitarios do ano 2017 é o seguinte:

1. PERSOAL: 385.240,38 €
 2. MANTEMENTO: 900,00 €
 3. AXUDA NO FOGAR:
 - Modalidade de Prestación básica: 67.041,00 €
 - Modalidade para Persoas Valoradas como dependentes: 475.588,44 €
 4. XESTIÓN DE PROGRAMAS: 1.126.182,65 €
- TOTAL: 2.054.952,47 €

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/1360



Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Elisa Estevez Rodríguez (Academia Elisa Escola de Ocio e Tempo Libre)** para a realización dun curso de 12 horas de animación á lectura, por un importe de 700,00 €, con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/1364

Vista a proposta da Concellería de Cultura a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases xunto cos premios, e a convocatoria do certame dos Maios 2017 que se levarán a cabo o vindeiro 1 de maio no Parque Miguel Hernández ou en caso de chuvia na Praza da Peixería.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/1368

Dáse conta do informe do Negociado de Contratación e Patrimonio en relación coa prestación do Servizo de Depuración de Augas Residuais (EDAR) ante o vencemento o 01/05/2018 do contrato de concesión do servizo e no que indica as posibilidades existentes para a prestación do servizo a partir da data de vencemento do contrato de referencia, que pode realizarse a través de dous modelos:

1) O Concello é o titular da EDAR e encomenda a explotación da mesma mediante contratos con empresas externas.

2) O Concello é o titular da EDAR e cede a explotación da mesma á Administración da Xunta de Galicia (Augas de Galicia), quen á súa vez contrata unha empresa externa, e acorda remitir o acordo a Augas de Galicia, coa finalidade de coñecer a disposición dese organismo para explotar a depuradora de augas residuais deste Concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/1369

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Pintado da Gardería Municipal. Vilagarcía de Arousa**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a Memoria Valorada denominada "Pintado da Gardería Municipal".

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 27.573,99 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1370

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Demolição de estrutura de formigón na Rúa Almirante Fontán de Vilaxoán**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.



Segundo: Aprobar a Memoria Valorada denominada “Demolición de estrutura de formigón na Rúa Almirante Fontán de Vilaxoán”.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 37.583,76 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1371

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Mellora de cuberta da Praza de Abastos de Vilaxoán**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a Memoria Valorada denominada “Mellora de cuberta da Praza de Abastos de Vilaxoán”.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 50.397,03 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1372

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Instalación de ascensor no edificio do Centro de Emerxencias**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar o proxecto técnico denominado “Instalación de ascensor no edificio do Centro de Emerxencias”.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 27.999,99 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1373

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Humanización da Praza de Galicia e dun tramo da Rúa Padre Feijoo**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar o Proxecto Técnico denominado “Humanización da Praza de Galicia e dun tramo da Rúa Padre Feijoo”.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 353.593,18 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de



comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1375

Coa data de 27 de febreiro de 2017 a Xunta de Goberno Local acordou declarar deserta a licitación do subministro de catro karts e dous remolques con asentos adicionais para o parque infantil de tráfico, para o que se ten concedida unha subvención da Deputación Provincial por importe de 2.111,02 €.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Ampliar o investimento a 3.000 €, aportando o Concello de Vilagarcía de Arousa a diferenza, que ascende a 888,98 €, con cargo á partida 132.213.
- 2.- Aprobar as novas características dos karts a pedais e remolques.
- 3.- Remitir á Deputación Provincial o presente acordo aos efectos oportunos.

PRP2017/1383

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Instalación de pista multideportiva en Os Duráns**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a Memoria Valorada denominada “Instalación de pista multideportiva en Os Duráns”.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 50.000,00 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1385

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Reparación de farolas tipo Villa nas Rúas Castelao, Edelmiro Trillo, contorno da Alameda e Praza Ravella**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a Memoria Valorada denominada “Reparación de farolas tipo Villa nas Rúas Castelao, Edelmiro Trillo, contorno da Alameda e Praza Ravella”.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 15.792,82 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1416



Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Reparación de lavadoiros de Vilaxoán e Trabanca Badiña**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a Memoria Valorada denominada “Reparación de lavadoiros de Vilaxoán e Trabanca Badiña”.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 30.000,00 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1417

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Melloras de mobiliario urbano no Rural**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a Memoria Valorada denominada “Melloras de mobiliario urbano no Rural”.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 79.490,37 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1418

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar o Proxecto Técnico denominado “Renovación de barandillas no entorno de Vista Alegre”.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 99.999,99 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1419

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Servizo de mantemento dos parques infantís de Vilagarcía de Arousa**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a Memoria Valorada denominada “Servizo de mantemento dos parques infantís de Vilagarcía de Arousa”.



Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 49.929,16 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación da Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

Quinto: Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

PRP2017/1420

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Subministro de máquina astilladora ou trituradora**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a memoria para o Subministro de máquina astilladora ou trituradora.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 36.000,00 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

PRP2017/1421

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Subministro de maquinaria portaféretros**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a memoria para o Subministro de maquinaria portaféretros.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 25.000,00 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

PRP2017/1422

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Subministro de minipala cargadora con cucharón barredora**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a memoria para o Subministro de minipala cargadora con cucharón barredora.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 23.000,00 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

PRP2017/1423

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Subministro de cisterna de rego de emulsión asfáltica**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a memoria para o Subministro de cisterna de rego de emulsión asfáltica.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 12.000,00 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.



PRP2017/1424

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Subministro de vehículo pick-up con plataforma elevadora**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a memoria para o Subministro de vehículo pick-up con plataforma elevadora.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 68.000,00 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

PRP2017/1437

Coñecendo o contido das bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **Subministro de máquina sinalizadora vial**, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo: Aprobar a memoria para o Subministro de máquina sinalizadora vial.

Terceiro: Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 9.680,00 €, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017

Cuarto: Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €.

ASUNTOS DE RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA

Rendas

PRP2017/1386

Visto o informe da Tesourería Municipal en relación coa necesidade de contratar unha empresa que colabore coa Recadación Municipal nos embargos de bens mobles e inmobles e, en xeral na recadación avanzada, entendendo por tal aquela que non se efectúa por procesos masivos. Dáse conta da solicitude de ofertas a dúas empresas do sector con ampla experiencia na recadación executiva: RECYGES, S.L. e Coordinadora de Gestión de Ingresos, e das ofertas presentadas, seguintes:

RECYGES, S.L. presenta dúas ofertas, unha fixa e outra variable:

- Cantidade fixa anual de 18.000 € (máis IVE), asumindo o custo das notas simples.
- Unha porcentaxe do recadado, consistente no importe da recarga de prema e o 50% dos xuros de mora cobrados, cun mínimo de 6.000 € (en todo caso máis IVE)

Coordinadora de Gestión de Ingresos S.A. efectúa unha oferta dunha porcentaxe sobre o importe ingresado do 15% do principal, recargas e xuros do importe ingresado en período executivo; e do 5% do principal do importe ingresado en período voluntario (máis IVE).

Vista a proposta da Concellería de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **Coordinadora de Gestión de Ingresos, S.A.**, os traballos de colaboración coa recadación executiva avanzada, polo importe ofertado, por un período máximo de un ano, e cun límite de facturación de 18.000 € + IVE, o que da un total (IVE incluído) de 21.780,00 €, con cargo á partida 934.22799.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.